

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Organismo AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

Capítulo	
Epígrafe	(Para inserir no <i>Diario Oficial de Galicia</i>)

SUMARIO:

RESOLUCIÓN do 3 de outubro de 2025, pola que se conceden as axudas ás solicitudes que figuran como suplentes na modalidade C: proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente na Resolución do 31 de xullo de 2025, pola que se conceden as axudas da Orde do 26 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2025 (códigos de procedementos ED431C, IN607A, ED431B, IN607B, ED431F e IN607D).

TEXTO

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional por medio da Orde do 26 de decembro de 2024 (DOG núm. 15, do 23 de xaneiro de 2025) estableceu as bases reguladoras e convocou, en réxime de concorrència competitiva, as axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i.

Por Resolución de 31 de xullo de 2025 concedéronse as axudas da Orde do 26 de decembro de 2024 citada. Nesa resolución recolléronse, por orde de prioridade, as solicitudes que foron consideradas como suplentes nas modalidades A, B e C e que configuran as correspondentes listas de agarda.

Por Orde do 11 de setembro de 2025 (DOG núm. 180, do 18 de setembro de 2025) incrementouse o crédito disposto para a modalidade C: proxectos de persoal investigador con traxectoria

excelente das axudas da Axencia Galega de Innovación na Orde do 26 de decembro de 2024, tendo en conta que esta modalidade de axuda é a que ten menor dotación económica na convocatoria e que ademais interesa impulsar os seus grupos de investigación xa que se trata de investigadores/as cunha traxectoria excelente que previamente foron avaliados positivamente nunha convocatoria de concorrencia competitiva de ámbito nacional o que lles permitiu incorporarse aos organismos de investigación de Galicia.

O importe total do citado incremento foi de 567.902,24€, consignados na aplicación orzamentaria 07.A2.561A.781.0, código de proxecto 2015 00016 coa seguinte desagregación por anos:

Modalidade	Aplicación orzamentaria	Crédito (en euros)					
		2025	2026	2027	2028	2029	Total
Mod. C) Proxectos de excelencia - Liña traxectoria emerxente	07.A2.561A.781.0 2015 00016	68.463,00	124.820,81	124.716,81	124.959,81	124.941,81	567.902,24

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente, por delegación da persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Innovación (Gain), á persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades e a persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Innovación, de acordo ao establecido no artigo 12 da Orde do 26 de decembro de 2024.

De acordo coa Resolución do 31 de xullo de 2025 e tendo en conta a ampliación do crédito da Orde do 11 de setembro de 2025 e o establecido nas bases da Orde do 26 de decembro de 2024,

RESOLVEMOS

Primeiro. Redistribuír os créditos da aplicación orzamentaria 07.A2.561A.781.0 nas aplicacións orzamentarias que se indican a continuación, para poder atender as solicitudes que figuran como suplentes na modalidade C – proxectos de persoal con traxectoria excelente (procedemento IN607D) da Resolución do 31 de xullo de 2025, conforme ao disposto no artigo 19 da convocatoria e ao artigo 31 do Regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

Modalidade	Aplicación orzamentaria	Crédito en euros					
		2025	2026	2027	2028	2029	Total
Mod. C) Proxectos de excelencia/Liña traxectoria emerxente	07.A2.561A.743.28 2015 00016	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	115.000,00
	07.A2.561A.703.0 2015 00016	23.463,00	49.820,81	49.716,81	49.959,81	49.941,81	222.902,24
	07.A2.561A.743.05 2015 00016	30.000,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00	230.000,00
Total		68.463,00	124.820,81	124.716,81	124.959,81	124.941,81	567.902,24

Segundo. Concederlles ás entidades que a seguir se relacionan (con indicación da persoa coordinadora do grupo destinatario) as axudas ás solicitudes que figuran como suplentes na modalidade C: proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente (procedemento IN607D), na Resolución do 31 de xullo de 2025, pola que se conceden as axudas da Orde do 26 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2025 (códigos de procedementos ED431C, IN607A, ED431B, IN607B, ED431F e IN607D).

Modalidade C: proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente – liña emerxente

Nº Expediente	Apelidos	Nome	Entidade	Aplicación orzamentaria	Importe 2025 (€)	Importe 2026 (€)	Importe 2027 (€)	Importe 2028 (€)	Importe 2029 (€)	TOTAL (€)
IN607D-2025 - 07	Bertucci	Juan Ignacio	CSIC-IEO Vigo	07.A2.561A.703.0 2015 00016	8.470,00	24.999,81	24.999,81	24.999,81	24.999,81	108.469,24
IN607D-2025 - 12	Orosa Nogueira	Lois	CESGA	07.A2.561A.743.05 2015 00016	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	115.000,00
IN607D-2025 - 11	Ouro Barba	Pablo	CESGA	07.A2.561A.743.05 2015 00016	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	115.000,00
IN607D-2025 - 08	Prats Alegre	Sergio	CSIC-MBG	07.A2.561A.703.0 2015 00016	14.993,00	24.821,00	24.717,00	24.960,00	24.942,00	114.433,00
IN607D-2025 - 03	Vázquez Agra	Néstor	Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	07.A2.561A.743.28 2015 00016	15.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	115.000,00

Terceiro. De acordo co artigo 14 da Orde de 26 de decembro de 2024, a subvención será librada á entidade beneficiaria á que pertenza o grupo ou o persoal investigador, conforme á resolución de concesión e de acordo coa normativa vixente.

As entidades beneficiarias deberán aceptar a subvención no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación de concesión e deberán presentar a reelaboración do seu orzamento de acordo aos importes concedidos, de ser o caso.

Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a entidade beneficiaria remita a documentación que se detalla nese artigo 14 nas datas indicadas nel.

Cuarto. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución da concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de mora correspondentes.

Quinto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2025

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional P.D. (Artigo 12 da Orde do 26 de decembro de 2024) O secretario xeral de universidades José Alberto Díez de Castro	O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e presidente da Axencia Galega de Innovación P.D. (Artigo 12 da Orde do 26 de decembro de 2024) A directora da Axencia Galega de Innovación Carmen Coteló Queijo
--	--

INSÍRASE NO DOG

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López